



## Concello de Portomarín

### Consulta pública previa a elaboración de Ordenanza ou Regulamento municipal (art. 133 LPACAP).

Expediente N.º: 211/2020

De conformidade co artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que di:

*“Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteprojecto de lei ou regulamento (ordenanzas/regulamentos municipais), substanciarase unha consulta pública a través do portal web da administración competente na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:*

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.*
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.*
- c) Os obxectivos da norma.*
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.”*

### En base ao anteriormente exposto plantexase a seguinte CONSULTA PÚBLICA PREVIA:

Tipo de norma	Ordenanza Municipal
Situación que se pretende regular	Regular a actividade publicitaria visible desde os espazos público, establecendo unhas normas xerais de actuación ao respecto, así como un sistema de infraccións e sancións para o caso de incumprimento.
Normativa básica	Conforme ao artigo 133-1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en diante (LPACAP), con carácter previo á elaboración da Lei ou Regulamento, (Ordenanzas Municipais) substanciarase unha consulta pública, a través do portal-Web da Administración competente na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados polas futuras Ordenanzas/Regulamentos.  As actuacións que deben realizarse no desenvolvemento normativo teñen por obxecto dar resposta ao dereito constitucional de participación cidadá recoñecido no art. 105 da Constitución Española.
Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	Actualmente na nosa vila debido o incremento da actividade do sector hoteleiro prodúcese un incremento considerable da publicidade de estos establecementos, sen ningún tipo de noramilización, clasificación e/ou regulación, polo que se pretenden unificar criterios mediante normalización e clasificación tipolóxica.
Obxectivos da norma	O obxecto da presente ordenanza é a regulación do lexítimo exercicio da actividade publicitaria visible desde os espazos públicos de modo que esta se desenvolva dentro do respecto e mellora dos valores da paisaxe urbana, do medioambiente, do patrimonio histórico-artístico e natural, en suma, da imaxe do Concello de Portomarín.
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	A necesidade de aprobar unha nova ordenanza de instalacións publicitarias, vén dada principalmente polo recoñecemento dunha realidade existente que só amparada pola norma pode controlarse de forma efectiva e conseguir un nivel de seguridade que o Concello debe procurar aos cidadáns. A oportunidade deriva dos aspectos temporais, técnicos e xurídicos que se producen nestes momentos.
Posibles solucións	A normativa Local en materia de publicidade é pouco extensa, para ese efecto





## Concello de Portomarín

alternativas, regulatorias e non regulatorias.	debe citarse o artigo 142 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia e o artigo 360 do Decreto 143/2016 que regula a lei citada anteriormente, que somete a comunicación previa a colocación de carteis e valos de propaganda visibles desde a vía pública. Tradicionalmente as normas xerais da normativa urbanística han regulado os rótulos, pero tampouco os valos e carteis publicitarios foron obxecto de regulación, dado que o rótulo vai referido ao anuncio dun establecemento e sitúase na propia localización do establecemento anunciado. Os carteis de publicidade sométense a título habilitante municipal e por iso é necesario determinar con carácter xeral os requisitos máis adecuados e aspectos administrativos que deben cumprirse, polo que a Ordenanza é o documento normativo adecuado para a súa regulación.
--	---

Polo exposto procede abrir o trámite de consulta pública para solicitar a opinión dos suxeitos afectados pola futura ORDENANZA REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR, SINALIZACIÓN E ROTULACIÓN NO CONCELLO DE PORTOMARIN e as organizacións máis representativas para que expresen a súa opinión, suxerencias e observacións acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns/as, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos neste documento, o rexistro xeral do concello de forma presencial ou telemática segundo o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Prazo de consulta e presentación das opinións, sugerencias ou observacións:	Un mes, dende o día seguinte a publicación deste anuncio
Enlaces da publicación:	<a href="http://www.concellodeportomarin.es/normativa/ordenanzas">http://www.concellodeportomarin.es/normativa/ordenanzas</a> <a href="https://portomarin.sedelectronica.gal/">https://portomarin.sedelectronica.gal/</a>

Documento asinado electronicamente a marxe da páxina

